

PROXECTO LECTOR

IES VAL MIÑOR

NIGRAN



Aprobado en Consello Escolar

Nigrán, 28 de xuño de 2012

Contenido

XUSTIFICACIÓN.....	3
OBXECTIVOS.....	4
COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN.....	4
DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.....	5
1. RECURSOS.....	5
1.1 Biblioteca escolar.....	5
1.2 Materiais dos departamentos.....	5
1.3 Aulas de informática.....	5
1.4 Biblioteca pública municipal.....	5
2. METODOLOXÍA.....	6
2.1 Análise dos problemas atopados na aprendizaxe da lectoescritura e nas prácticas de lectura.....	6
2.2 Unificación de conceptos básicos sobre o proceso de lectura, comprensión lectora e o tratamento da lingua escrita en xeral.....	6
2.3 Ensinanza de estratexias de lectura e comprensión lectora.....	6
3. ACTIVIDADES.....	7
3.1. Actividades ordinarias.....	7
3.2. Actividades complementarias.....	8
3.3. Actividades extraordinarias.....	8
AVALIACIÓN E INDICADORES DE CALIDADE.....	8
ANEXO: DOCUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR.....	9
COORDINADOR/A DO PROXECTO LECTOR.....	9
DOCUMENTO PARA OS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS.....	9
I.- COMEZO DO CURSO.....	9
II.- REMATE DO CURSO.....	9
RESPONSABLE DA BIBLIOTECA.....	10
I.- COMEZO DO CURSO.....	10
II.- REMATE DO CURSO.....	10
COORDINADOR/A DO CLUB DE LECTURA.....	10
I.- COMEZO DO CURSO.....	10
II.- REMATE DO CURSO.....	10

XUSTIFICACIÓN

O colectivo docente debe estar convencido de que a lectura comprensiva non é tarefa exclusiva das áreas de lingua xa que afecta á comprensión das explicacións e o significado dos textos escritos. O **proxecto lector** debe establecer unha serie de elementos comúns para todas as materias que, despois, adaptarán os distintos departamentos didácticos para establecer os obxectivos, contidos e actividades concretas de lectura.

O proxecto lector debe aprobarse por consenso e debe basearse no fomento de boas prácticas lectoras na tarefa cotiá de profesores/as e alumnos/as. Por todo iso, os profesores e as profesoras do IES Val Miñor:

- Asumimos o compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda a aprendizaxe, para mellorar a expresión oral e escrita e como principio para construír o espírito crítico, necesario para o crecemento persoal do alumnado.
- Deseñaremos e integraremos as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario respondendo ás características e necesidades de cada materia.
- Traballaremos a comprensión lectora conxuntamente coa escritura e a expresión oral.
- Trataremos de implicar ás familias no obxectivo de elevar a competencia lectora dos seus fillos e fillas, informándolles do contido do noso *proxecto lector* e pedindo a súa colaboración.
- Empregaremos todos os recursos dispoñibles para o desenvolvemento do *proxecto lector* asumindo que a Biblioteca escolar do centro debe ser o punto dinamizador deses recursos, que ten que poñer a disposición de toda a comunidade educativa.
- Entendemos que a lectura pode ser traballada de moi diversos xeitos: en voz alta ou en silencio, co/coa profesor/a ou co/coa alumno/a de protagonistas, en dramatizacións ou en recitais, individualmente ou con varias voces, etc...

O equipo directivo e o **consello escolar** do IES Val Miñor:

- Asumirán o *proxecto lector* como tarefa primordial en cada curso escolar, facilitando os recursos humanos e materiais de que se poidan dispoñer.
- Invitará ás toda a comunidade educativa a colaborar coas actividades do *proxecto lector* no centro e a incentivar a lectura dos seus fillos e fillas.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Val Miñor:

Será informada de calquera decisión que se tome ao respecto do *proxecto lector*, e ela, á súa vez, comprométese a transmitir toda esta información aos equipos dos departamentos didácticos e ao equipo de Normalización Lingüística.

O equipo da Biblioteca escolar do IES Val Miñor:

- Comprométese a proporcionarlles aos departamentos didácticos diversos materiais educativos, teóricos e prácticos encamiñados á inclusión das actividades de fomento da lectura nas distintas programacións.

- Colaborará activamente nas actividades de fomento da lectura que se programen polos departamentos didácticos e organizará a súa vez outras por iniciativa propia.
- Levará a cabo a formación dos usuarios da biblioteca de cara a unha maior autonomía do alumnado na busca de información e para un aproveitamento óptimo dos recursos dispoñibles.

OBXECTIVOS.

Os obxectivos do proxecto lector do noso centro serán:

- Incrementar e estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.
- Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.
- Contribuír a mellorar a súa competencia na expresión oral e escrita.
- Desenvolver as habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías.
- Organizar espazos e tempos para a lectura.
- Favorecer o coñecemento da lingua na súa función estética (xéneros e recursos literarios) para espertar o gusto pola literatura, necesaria para unha formación humanística e para o desenvolvemento da competencia cultural.
- Implicar ás familias e ás institucións públicas e privadas no proxecto lector.
- Espertar en toda a comunidade o gusto e a necesidade de ler.

COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN.

O proxecto lector é o marco de referencia para o plan anual de lectura dos distintos departamentos didácticos. Compete aos departamentos, biblioteca, club de lectura, etc..., a concreción nas súas programacións dos obxectivos, actividades (temporalizadas), o tempo diario dedicado á lectura, as prácticas de comprensión lectora e a metodoloxía que se empregará.

Para que o *proxecto lector* funcione precisa un seguimento que permita poder ver os avances e dificultades na súa posta en marcha nos plans anuais de lectura, e por iso precisase a colaboración de todos/as. Pedirase que o profesorado, a través dos departamentos, cumprimenten unhas táboas informativas que aparecen no Anexo deste proxecto. Poñeranse en común as conclusións nunha Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) e, se é pertinente (implica variacións fundamentais no proxecto lector aprobado) levaranse a un claustro de profesores/as. Con esa información realizarase a avaliación anual.

A persoa coordinadora do proxecto lector será preferiblemente o/a responsable da biblioteca escolar, que contará coa axuda do equipo da biblioteca.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.

1. RECURSOS.

1.1 Biblioteca escolar.

A biblioteca escolar debe ser un elemento imprescindible no deseño e desenvolvemento do proxecto lector. Para que sexa un verdadeiro centro de información, formación e recursos e eixo do currículo, que se empregue como un dinamizador da vida académica e cultural do centro e que sirva como compensadora das diferenzas, ten que contar cos materiais e fondos axeitados.

Grazas ao traballo continuado a nosa biblioteca escolar conta con materiais en variados soportes (libros, DVD, CD tratados informaticamente co programa Meiga. Ademais contamos con catro equipos informáticos para o acceso ao catálogo e a busca e tratamento da información aos que pode acceder calquera membro da comunidade educativa, e outro equipo para a xestión da biblioteca que só poderán utilizar os membros do equipo da biblioteca. Todos os materiais están a disposición dos usuarios.

1.2 Materiais dos departamentos.

Os fondos documentais (impresos ou audiovisuais) dos departamentos didácticos, dado que son fondos do centro, estarán rexistrados a través do programa Meiga facendo constar a súa localización. Tales fondos serán xestionados polos respectivos departamentos seguindo as súas normas internas. En caso de baixa o departamento comprométese a comunicalo á biblioteca para o rexistro da mesma.

1.3 Aulas de informática.

O centro conta co dúas aulas específicas con conexión a Internet o cal permitirá utilízalas como recurso de *acceso á información* na rede ou en soporte informático. O uso das novas tecnoloxías é considerado no noso proxecto lector e no proxecto educativo do centro como fundamental para que o noso alumnado estea preparado para un novo xeito de formarse e de acceder ao mundo laboral.

1.4 Biblioteca pública municipal.

A Biblioteca Pública Municipal de Nigrán, está localizada nos arredores do centro. A biblioteca é de uso público cos servizos de consulta en sala e préstamo a domicilio para o que é necesario ter un carné de socio. Durante o ano organízanse distintas actividades coincidindo con datas sinaladas.

2. METODOLOXÍA.

2.1 Análise dos problemas atopados na aprendizaxe da lectoescritura e nas prácticas de lectura.

- Problemas para manter a atención que obstaculiza o seguimento do lido e a súa boa comprensión.
- Limitacións léxicas e percepción das frases como segmentos inarticulados, independentes, que se derivan dunha lectura non continuada.
- Propensión a fixarse só na anécdota que imposibilita a correcta detección de información relevantes.
- Excesivo apego á acción (*ao que vai suceder?*) e rexeitamento que ás veces provocan os fragmentos nos que a acción se detén: reflexións, digresións, descricións, etc...
- Gusto polo estilo directo e coloquial, que simplifique a lectura.
- Escaso desenvolvemento da autonomía lectora e do pensamento crítico.

2.2 Unificación de conceptos básicos sobre o proceso de lectura, comprensión lectora e o tratamento da lingua escrita en xeral.

Defínese a **competencia lectora** como a capacidade de comprender, utilizar e analizar textos escritos para alcanzar os obxectivos do lector, desenvolver os seus coñecementos e posibilidades e participar na sociedade (O.C.D.E., 2006). Este concepto parte dunha posta en común sobre a evolución da práctica de lectoescritura. Isto supón planificar entre todos e recoller nas programacións dos distintos departamentos propostas de traballo en todos os niveis que procuren a mellora na práctica e comprensión lectora do alumnado.

Algúns dos procesos implicados na competencia lectora son os seguintes:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

2.3 Ensinanza de estratexias de lectura e comprensión lectora.

O proxecto lector pretende:

a) Acadar unha lectura consciente e activa o que implica tres fases:

- *Antes de ler* o alumno/a debe saber por que está lendo o texto e que trata de sacar del, fixándose na estrutura e relacionándoo cos seus coñecementos previos.
- *Durante a lectura* o alumnado debe determinar as palabras descoñecidas para tratar de deducilas ou buscalas nun dicionario e relacionar as distintas ideas que se atopan no texto.

- *Despois de ler* o alumnado debe reafirmar as ideas importantes ou elaborar un resumo do texto para asegurarse de recordalas, reflexionando sobre o seu significado.

b) Mudar as prácticas lectoras negativas, mediante unha serie de estratexias:

- Animar a que se pregunte cando algo non se entende e a que se argumenten impresións.
- Verificar sistematicamente se se comprende o lido en voz alta e deterse no vocabulario que os/as alumnos/as descoñezan.
- Adaptar entre todos certas frases ou parágrafos a unha linguaxe que os estudantes dominen utilizando dicionarios.
- Relacionar a lectura con experiencias e coñecementos dos estudantes para, entre todos, distinguir as ideas principais das secundarias.
- Realizar conxuntamente sinxelos esquemas e resumos do argumento ou da tese que se infira do texto.
- Realizar ilustracións sobre os textos e converter en diálogos ou entrevistas, breves rexistros de pensamento dos personaxes ou reflexións do narrador.
- Traballar aqueles textos ou fragmentos que se consideren máis dificultosos para desmenuzalos na aula facendo preguntas dirixidas e concretas.

c) Que a *porcentaxe dedicada á lectura* tutelada na E.S.O. sexa gradual indo de máis a menos a medida que promocionan de curso.

3. ACTIVIDADES.

3.1. Actividades ordinarias.

a) Plan de lecturas curriculares.

Lectura de obras e textos que complementan o currículo das distintas materias ou áreas e que deberán especificarse na respectivas programacións didácticas. Os departamentos teñen a obriga de reflectir en ditas programacións o tempo dedicado a lectura nos períodos lectivos de cada materia.

b) Titorías pola lectura.

Unha parte do horario de titorías dedicarase a desenvolver a competencia lectora. A selección dos textos realizarase nas reunións de titores aportando as suxestións do alumnado, do resto do profesorado ou de calquera membro da comunidade educativa.

c) Gardas pola lectura.

O profesorado de garda fomentará a lectura voluntaria do alumnado. Con esta actividade trátase ademais de que o alumnado se acostume a levar sempre un libro na mochila e a ler diariamente.

d) Club de lectura.

Reunións periódicas para debater sobre unha obra literaria lida previamente. Estes clubs están abertos a toda a comunidade educativa.

e) Mochilas viaxeiras.

Trátase de acercar a biblioteca á nosa comunidade educativa sacando o material da sala e levándoo ás familias para reforzar o vínculo entre a familia e a escola.

3.2. Actividades complementarias.

Formación de usuarios da biblioteca.

Programaranse actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma, para facilitar o acceso á información, e a consulta do catálogo

Revista escolar.

Elaboración dunha revista escolar por parte dun grupo de alumnos/as interesados pola redacción e coordinados por un docente.

3.3. Actividades extraordinarias.

Cada departamento poderá programar ao longo do curso as actividades (visitas lúdico culturais, teatro, cine, etc...) que estime de interese para fomentar a curiosidade pola lectura e para espertar no alumnado o pracer que o acto de ler e comprender pode proporcionar.

AVALIACIÓN E INDICADORES DE CALIDADE.

Irán enfocados a detectar as disfuncións que se produzan na súa aplicación para reformalo nos cursos seguintes. A súa utilidade radicará na análise da consecución dos obxectivos establecidos:

- Incremento dos hábitos de lectura en toda a comunidade educativa.
- Nivel de comprensión lectora do alumnado.
- Nivel de competencia na expresión oral e escrita.
- Nivel de competencia no proceso de busca de información.
- Nivel de implicación das familias e outras institucións.
- Uso da biblioteca escolar.
- Respecto polos espazos e tempos dedicados á lectura.

Para realizar a avaliación do proxecto utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Grao de participación dos membros da comunidade educativa nas actividades do proxecto lector.
- Enquisas relativas á utilización da biblioteca do centro e aos hábitos de lectura.
- Memorias finais do curso.

ANEXO: DOCUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR.

COORDINADOR/A DO PROXECTO LECTOR

Para a avaliación do proxecto lector a persoa coordinadora do mesmo deberá contar cos informes iniciais e finais dos distintos departamentos didácticos, do responsable da biblioteca e do club de lectura, e coas aportacións recollidas nunha C.C.P. a finais do curso.

Nesta avaliación deberanse recoller:

1. Avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto lector.
2. Grao de concreción do proxecto lector nos plans anuais de lectura.
 - a) Dos distintos departamentos.
 - b) Do club de lectura.
 - c) Da biblioteca.
3. Análise da competencia lectora do alumnado.
4. Propostas de mellora.

DOCUMENTO PARA OS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

I.- COMEZO DO CURSO.

Nas programacións incluírase un apartado dedicado á competencia lectora sinalando as actividades (temporalizadas) para fomentar dita competencia, o tempo dedicado á lectura diaria, as prácticas de comprensión e de fomento da lectura e da escritura e os obxectivos que se pretenden neste campo.

II.- REMATE DO CURSO.

1.- Avaliación do proxecto lector.

Valoración MA= Moi Alta (máis do 80%) **A=** Alta (60%-80%) **M=** Media 40%-60% **B=**Baixa (menos do 40%)

2.- Avaliación da competencia lectora.

Indicar o número de alumnos/as no que é satisfactoria:

- 1.- Lectura expresiva
- 2.- Comprensión lectora
- 3.- Expresión oral
- 4.- Expresión escrita
- 5.- Autonomía na busca de información
- 6.- Actitude do alumnado ante a lectura
- 7.- Progresión nas competencias básicas no ámbito lector

3. Observacións (avances ou dificultades):

4.- Suxestións

Valoración

- Grao de consecución dos obxectivos iniciais
- Adecuación das actividades aos obxectivos propostos
- Grao de cumprimento do fomento da lectura
- Grao de satisfacción na realización ou participación en actividades propostas plan lector

RESPONSABLE DA BIBLIOTECA

I.- COMEZO DO CURSO.

Programación dos obxectivos, actividades (temporalizadas) e actuacións previstas para adquisicións de fondos e organización de espazos físicos.

II.- REMATE DO CURSO.

- Estatísticas préstamos de libros.
- Grao de cumprimento das actividades programadas e nivel de participación nelas.
- Melloras na adquisición e organización de espazos físicos e fondos documentais.
- Disponibilidade de profesorado con dedicación dun horario suficiente.
- Avance na utilización das novas tecnoloxías.
- Mellora da capacidade dos usuarios para a localización e uso dos recursos.
- Valoración do uso biblioteca.

COORDINADOR/A DO CLUB DE LECTURA

I.- COMEZO DO CURSO.

O responsable do club de lectura deberá facer unha programación na que incluíra: obxectivos, actividades (temporalizadas), materiais a utilizar e procedementos.

II.- REMATE DO CURSO.

- Realizarse unha breve memoria onde se recolla:
- grao de consecución dos obxectivos programados.
- Valoración dos resultados obtidos:
- Índices de lectura.
- Avances na competencia literaria.
- Avances na comprensión lectora.
- Actitude ante a lectura.
- Materiais elaborados.
- Propostas de melloras e cambios.